BIBLIOTECA PROVINCIAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA
Riego de Agua, 37
15001 A Coruña

Teléfono Xuvenil : 981 415 171

Web: http://www.dacoruna.gal/biblioteca

Correo: bibloteca.infantilxuvenil@dacoruna.gal



Biblioteca Deputación

Deputación DA CORUÑA

LECTURAS TERRORÍFICAS


SAMAÍN 2026



BIBLIOTECA XUVENIL

DE 9 A 11 ANOS

Misión Samaín / Pere Tobaruela.



As Formigas entran no Alén tras os pasos dun enigmático escaravello branco. Alí atópanse coa Santa Compaña e outros personaxes estraños. As FORMIG4S serán quen de volver ao mundo real?

Sinatura: N FOR / v


Mortiña: o amigo pantasma / Barbara Cantini.



Quen e o misterioso neno pantasma que desde hai días intenta entrar en Vila Decadente? Mortiña está desexando sabelo, pero o espectro non lembra nada... E xusto agora na vila están a punto de celebrar a festa de Aninovo Defuntiño. Mortiña busca calquera pista que poida axudar a descubrir de onde ven o novo e pálido amigo: unha divertida pescuda que lle porá o corazón a cen por hora.

Sinatura: N CAN mor/ v

Historias superguáis de miedo / Jeff Kinney.



Nestas historias terroríficamente divertidas atoparás zombis, pantasmas e moito máis! Quizá te rías despois de lelas, pero... ten coidado! Poderías acabar durmindo coas luces acesas.

Sinatura: N DIA / v


Fantasmada / Diego Arboleda, Ana Campoy, Ledicia Costas, Patricia García Rojo, El Hematocrítico.



Pantasmas no cemiterio de Vigo, no valenciano Xardín do Turia, no conservatorio de Xaén, nunha vella casa na Coruña e mesmo na Biblioteca Nacional. Cinco contos, cinco autores, cinco cidades e MOITAS PANTASMAS.

Sinatura: N ARB fan / v


La noche de Halloween / Gemma Lienas.



Carlota e a tribo asisten aos aniversarios unha compañeira de clase, e descobren que ten un mono de cor rosa e relucente! Será pintado? Será real? A tribo decide investigar e a procura do material relucente fai que acaben no cemiterio precisamente na noite de Halloween! Como puideron meterse neste envurullo?

Sinatura: *N TRI /v*

A noite de Samaín / Pepe Carreiro.



Déixache atrapar por unha fascinante historia chea de historias Sabes que as cousas non poden ir a peor se unha escapada nocturna acaba contigo encerrado no piso dunha bruxa. E dásche conta do equivocado que estabas e de que todo pode empeorar cando te espertas e ves que, o que crías soñar, non era, nin de lonxe, un pesadelo.

Sinatura: C CAR noi / v

A PARTIR DE 12 ANOS


Los Fantasmas favoritos / de Roald Dahl.



"Espero que estas historias de pantasmas resúltenlles horribles. Que lles dean calafríos e perturben os seus pensamentos. Foron escritas precisamente con ese obxectivo." Roald Dahl

Sinatura: N DAH fan / a

Gregorio miedo y medio en muertos de miedo / Andreu Martín.



Gregorio Medoy, é tan medorento que se gañou o alcume de Gregorio Miedo e Medio. Con todo, un día cae nas súas mans o marabilloso Grimorio Gregoriano, un libro cheo de fórmulas para converterse en Mago de verdade...

Sinatura: N MAR gre / a

Más muertos que nunca! [Lisi Harrison]



Monstros ao poder!

Es o bastante RAD para MONSTER HIGH?

Sinatura: N MON / a


A Memoria dos paxaros / Teresa González Costa.



A aparición dun mozo inconsciente nunha reserva de aves a noite do Samaín coincide cunha serie de fenómenos estraños que se empezan a dar na vila...

Sinatura: N 869.9 GOM mem / a


Poder non é querer / Noela Rivas Cantelar.



Mariña esperta aos seus 17 anos nun hospital e non lembra nada do que pasou na tola festa do Samaín da noite anterior. Mariña decatarase de que o sacrificio que por ela fixeron durante anos os seus seres máis queridos non merece esmorecer a causa do odio que se profesa a si mesma.

Sinatura: N 869.9 RIV pod / a

El Lamento de Sally / Mari Mancusi.



A Sally gústalle case todo do seu inquietante e tenebrosa Ciudad de Halloween, pero, ultimamente, sente que necesita ir máis aló. É consciente das moitas cousas que podería facer se non estivese sempre encerrada dentro do laboratorio do seu creador, o Dr. Finkelstein

Sinatura: N MAN lam / a